

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 22 DE XUÑO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

NON ASISTEN:

López-Chaves Castro, Ignacio
Velo Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e doce minutos do día vinte e dous de xuño do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Romero Rodríguez e actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María

Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. López-Chaves Castro e a Sra. Veloso Ríos. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente, convocada por orde do día do 21 do presente mes que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Abrimos sesión pública, constatamos quórum e procedemos coa orde do día.

1.- (126).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

(Están ausentes o Sr. López-Chaves Castro do Grupo Popular, e a Sra. Veloso Ríos do Grupo do BNG).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase ratificar a urxencia da sesión.

2.- (127).- MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO ORZAMENTO 2010.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de xuño de 2010 a concelleira delegada de Economía e Facenda presenta o seguinte escrito:

“Con data de Rexistro de Entrada do Concello de Vigo de 10 de xuño de 2010, a Consellería de Facenda a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, solicita a adaptación no horizonte temporal do Plan Económico Financeiro á redución dos gastos de persoal e a súa afectación, así como a supresión do endebedamento previsto para o ano 2011, todo elo en relación coa entrada en vigor do Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio. Tamén solicita a incorporación de medidas no Plan en relación cos efectos da liquidación do presuposto do ano 2009 en relación co PEF aprobado e remitido.

O Real Decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, está en vigor dende o día seguinte á súa publicación no BOE (BOE nº 126, do luns 24 de maio do 2010 o texto do Real Decreto-Lei; BOE nº 127, do martes 25 de maio de 2010 a primeira corrección de erros, e BOE nº 128, do mércores 26 de maio do 2010 a segunda corrección de erros).

A norma referenciada ten por obxecto, segundo se contén na motivación do mesmo, o establecemento de medidas extraordinarias para a redución do déficit público, a fin de dar cumprimento ao compromiso do Goberno de acelerar, en 2010 e 2011, a redución do déficit inicialmente previsto, dentro das políticas de contención e redución do gasto público adoptadas e implementadas polo Goberno do Estado con motivo xa da aprobación da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, onde se estableceron limitacións ao incremento dos gastos de persoal ao servizo do sector público, así como á reposición de efectivos ao servizo do mesmo.

O Real decreto lei afecta de forma directa o capítulo I do estado de gastos do orzamento, pero tamén ó endebedamento das entidades locais, quedando esta posibilidade pechada para o ano 2011. Incorpora de feito unha certa suspensión temporal de determinados preceptos aplicables ás Facendas Locais, que afectan ó contido do previsto nos artigos 48 a 54 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo ó réxime xurídico e de autorización para concertación de operacións de débeda dentro dos límites que regula o artigo 53 do TRLRFL. Tamén quedan derogados os acordos acadados entre o goberno e os sindicatos para a función pública no marco do diálogo social 2010-2012. En consecuencia con estas modificacións, faise necesario facer as adaptacións oportunas ó Plan Económico Financeiro aprobado para adaptalo o precitado texto legal.

Antecedentes

O Pleno do Concello de Vigo en sesión do 11 de febreiro de 2010, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio 2010, incluíndo no capítulo IX do estado de ingresos unha contía de 27.000.000 euros, coa que financiar o plan de investimentos contemplado no devandito proxecto orzamentario.

En cumprimento do recollido no art. 16 do Regulamento do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais (BOE número 264 do sábado 3 de novembro do 2007), no informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade emitido polo Sr. interventor xeral municipal con data 2 de febreiro de 2010, poñíase de manifesto que o importe total dos investimentos (empregos de capital) contidos no orzamento consolidado para o ano 2010, que acadan a cifra de 36.264.018,99 euros, fináncianse con ingresos cuxa orixe é o aforro bruto por importe total de 12.341.110,68 euros, e con ingresos de capital por importe de 6.267.492,00 euros, que se amosan insuficientes para o financiamento daqueles gastos, o que determina unha necesidade de financiamento adicional de 17.655.416,31 euros.

É dicir, os gastos non financeiros pola contía de 236.603.346,89 euros non eran quen de atender os ingresos da mesma natureza non financeira, acadándose un déficit

nos termos do TRLXEP, por importe de 17.655.416,31 euros, o que determina un desequilibrio en termos da normativa de estabilidade orzamentaria.

O art. 19 do RD 1463/2007, establece que procederá a elaboración dun Plan económico-financeiro cando o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria efectuado pola Intervención Xeral da administración do estado ou o realizado pola Intervención da entidade local, na forma establecida no artigo 16, sexa de incumprimento do obxectivo individual para cada unha das entidades locais ás que se refire o art. 5 o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades.

De conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria (agora Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2007), a aprobación do plan económico-financeiro correspóndelle ó Pleno da Entidade Local, que se poderá realizar na mesma sesión coa correspondente á aprobación do presuposto mediante acordo específico e separado do de aprobación do presuposto, ou en outra sesión plenaria. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses a contar desde a aprobación do presuposto xeral.

En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007, a entidade local remitirá o plan económico-financeiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, nun prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde a aprobación do mesmo polo Pleno da Corporación. O órgano da Comunidade Autónoma será o competente para a aprobación do Plan, unha vez cumprido este requisito se fose o caso, o acordo será notificado por escrito á entidade local, quedando a partir desa data expedita a posibilidade de concertar a operación de préstamo prevista no presuposto.

O Pleno da Corporación en sesión realizada o nove de abril de 2010, aprobou o Plan Económico-Financeiro, no que se establecía unha variación de pasivos financeiros no estado de ingresos de 27.000.000,00 euros para o ano 2010, 27.000.000,00 euros para o ano 2011 e 11.900.00,00 euros para o ano 2012. En canto ó estado de gastos, a variación de pasivos financeiros pola que se amortizaban pasivos era por 9.286.682,59 euros no ano 2010, 10.388.886,00 no ano 2011 e 11.964.662,94 euros no ano 2012.

O expediente enviouse á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Dirección Xeral de Política Financeira o día 14 de abril de 2010, dentro do prazo previsto no artigo 22 do RD 1463/2007, constando a remisión da seguinte documentación:

- Certificación do acordo do Pleno en canto á aprobación definitiva do presuposto Xeral.
- Certificación do acordo do Pleno da aprobación do Plan Económico Financeiro.
- Informe do Sr. interventor xeral municipal emitido o 2 de febreiro no que se acredita o incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria. Plan Económico Financeiro.
- Informe do Sr. interventor xeral municipal de data 31 de marzo de 2010 ó Plan Económico Financeiro que se presentou ó Pleno da Corporación.

Como consecuencia da liquidación do presuposto do ano 2009, o Sr. interventor xeral municipal, con data 15 de marzo de 2010, en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, emite informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria a nivel de estados consolidados, poñéndose de manifesto unhas necesidades de financiamento por unha contía de 15.355.004,25 euros, sendo a causa xustificativa das necesidades de financiamento das operacións non financeiras o desacompasamento entre as obrigas recoñecidas do Fondo Estatal de Investimento Local (FEIL) e os ingresos efectivamente recadados no ano 2009 do FEIL.

Por outra banda, o atraso na presentación do PEF era consecuencia da falta de información do Ministerio de Economía e Facenda en canto á tradución do 0,35 por 100 do PIB nacional en termos de ingresos non financeiros das entidades locais, xa que as entidades que non superasen o 5,17 por 100 dos devanditos ingresos, no terían que presentar un PEF de reequilibrio.

Como non se cumpriu a condición, en aplicación do previsto no artigo 19 do RD 1463/2007, elabórase o preceptivo Plan Económico Financeiro.

O Pleno da Corporación en sesión realizada o 31 de maio, aprobou o Plan Económico Financeiro presentado, e que prevé o equilibrio na execución dos presupostos do ano 2010. A documentación do Plan remitiuse á Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia o día 16 de xuño, xuntándose a seguinte documentación:

- Certificación do acordo do Pleno en sesión do 26 de abril de 2010 en canto á dación de conta da aprobación da liquidación do presuposto do ano 2009.
- Certificación do acordo do Pleno da aprobación do Plan Económico Financeiro.
- Informe do interventor xeral municipal emitido o 15 de marzo de 2010 no que se acredita o incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.
- Plan Económico Financeiro aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio de 2010.
- Informe do Sr. interventor xeral municipal de data 18 de maio de 2010 ó Plan Económico Financeiro que se presentou ó Pleno da Corporación.

Feitos

Entre medias, O Boletín Oficial do Estado, nº 126 do luns 24 de maio de 2010, publicou o Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, primeira corrección de erros publicada no BOE nº 127 do martes 25 de maio e a segunda no BOE 128 de mércores 26 de maio de 2010. A disposición final sexta do texto legal, establece a entrada en vigor da norma o día seguinte ó da súa publicación no BOE.

O texto legal validouse polo Congreso dos Deputados o día 27 de maio de 2010, e ten como obxectivo acelerar os compromisos do Goberno da Nación de redución de déficit público nos anos 2010-2011, véndose afectado o Plan Económico Financeiro aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do nove de abril.

A aplicación do RDL ten repercusión no PEF, modificándose os seguintes capítulos:

S.extr. e urx. 22.06.10

Estado de Gastos		Estado de Ingreso	
Capítulo	Concepto	Capítulo	Concepto
I	Gastos de persoal	IX	Variación pasivos financeiros
III	Gastos financeiros		
VI	Investimentos reais		
IX	Variación de pasivos financeiros		

O artigo 14. dous, do Real Decreto Lei 8/2010, prohibe ás entidades locais e entidades dependentes acudir ó crédito público ou privado en calquera das súas modalidades para o financiamento dos seus investimentos a partir da entrada en vigor da precitada norma. A corrección de erros publicada no BOE nº 127 do 25 de maio, corrixe o artigo 14. dous, dando unha nova redacción, establecendo a prohibición de concertar novo endebedamento para o período que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011.

En consecuencia co anterior, en aplicación da norma e atendendo ó requirimento da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, é necesario adaptar o Plan Económico-Financeiro aprobado, excluindo do mesmo a operación de préstamo prevista para o ano 2011 por unha contía de 27.000.000,00 euros, xa que ó non contratar a operación de débeda do ano 2011, o equilibrio acádase nese ano, xa que os empregos do capítulo VI diminúen nesa contía, polo que o Plan reduciría a súa vida ó período 2010-2011.

Isto no só ten repercusión no endebedamento, tamén na carga financeira do ano 2011. Os gastos financeiros para o ano 2011 pasan a ser de 1.862.618,91 euros en substitución de 2.317.618,91 euros.

Tamén en aplicación do Real Decreto Lei, propúxose e aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria realizada o día 9 de xuño, a aprobación das táboas retributivas aplicables ós funcionarios e persoal suxeito ó acordo regulador, así como a redución que se aplica ó resto do persoal que presta os seus servizos na entidade e nos seus Organismos autónomos administrativos, e as singularidades que se aplicarán ós señores, membros da Corporación, o que supón unha redución no capítulo I do estado de gastos polas contías que máis abaixo se indican.

Os aforros que se produzan en aplicación das medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, destinaranse por orde de preferencia ás finalidades previstas no artigo 14, un do Real Decreto Lei. O Pleno da Corporación na sesión do 9 de xuño, acordou a súa aplicación a diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo. En consecuencia co anterior, o gasto pasa de ser corrente non financeiro a gasto de capital financeiro, procedendo ó axuste nos gastos financeiros polo importe do aforro que se produza tanto para o ano 2010 como para o 2011.

Non se toma en consideración aos efectos de axustar o plan económico, a redución no capítulo III do estado de gastos que supón a aplicación do aforro do capítulo I do estado de gastos a amortización anticipada de débeda a longo prazo, que vai supor un menor gasto corrente non financeiro no ano 2011, xa que a dotación presupostaria que se fai para o ano 2011, é a un tipo de xuro previsible do 2,5 por 100, aínda que agora mesmo

por mor da débeda está a resultar mais baixo.

As reducións nas aplicacións presupostarias do capítulo I que se incorporan ó Plan son por unha contía de 1.262.651,58 euros para o no ano 2010, sendo a previsión de 69.639.409,49 euros en substitución de 70.902.061,07 euros, sendo este o cálculo que esta Concellería obtivo dos servizos da unidade de persoal. Para o ano 2011, en aplicación do acordo goberno-sindicatos no marco do diálogo social 2010-2012, estaba previsto un crecemento do gasto do capítulo I do 1,5 por 100. A teor do regulamentado no Real Decreto Lei, as retribucións quedan conxeladas sobre a base do ano 2010. En consecuencia co anterior, á contía prevista no Plan para o ano 2011 haille que deducir a actualización do 1,5 por 100 e restarlle os aforros previstos para o ano 2011, que se calcularon en 1.816.810,68 euros, polo que o capítulo I no ano 2011 terá unha previsión de 69.085.250,39 euros en substitución dos 71.965.591,99 euros, e dicir, unha minoración de 2.880.341,60 euros.

Para recoller os cambios que supón a adaptación do PEF aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de abril ó RDL 8/2010 e a integración do PEF de liquidación do presuposto de 2009, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 31 de maio, adaptado á súa vez cos cambios que introduce o RDL 8/2010, substitúense as páxinas 98 a 106, ambas inclusive, e incorpóranse as seguintes: da 98 á 105, ambas inclusive, para recoller a adaptación do PEF aprobado polo Pleno realizado o 9 de abril ás especificacións do RDL 8/2010. Da 106 ó final, para recoller a integración do PEF aprobado polo Pleno o 31 de maio no PEF aprobado o 9 de abril. Nesta integración xa está adaptado ás especificacións do RDL 8/2010.

Así mesmo, deben considerarse substituídas todas as referencias que se subliñaron en todas as follas nas que se vexan afectadas, en especial as páxinas 86, 87, 90, 93, 97 do PEF aprobado polo Pleno o 9 de abril, e que conteñen algunha referencia á operación de endebedamento do ano 2011 ou do 2012.

Do mesmo xeito, seguindo co requirimento da Consellería de Facenda, intégrase no PEF aprobado o nove de abril de 2010 a situación xerada pola liquidación do presuposto do ano 2009, na que xurdiron necesidades de financiamento por unha contía de 15.355.004,25 euros, que deu lugar a que o Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio, aprobase un PEF que reequilibraba as contas no ano 2009, tendo en conta ademais os axustes que á súa vez xera a adaptación do Plan aprobado o nove de abril ó Real Decreto 8/2010. Debe facerse mención expresa a que a liquidación do presuposto do ano 2009 arroxou un remanente de tesourería para gastos xerais positivo e un aforro neto positivo.

A integración consiste en proxectar a execución do presuposto do ano 2010. Para isto teranse en conta as porcentaxes de obrigas recoñecidas, dereitos liquidados e de recadación que se produciron en execución do presuposto do ano 2009 e que quedaron de manifesto nas ratios correspondentes á liquidación do ano 2009.

As bases de cálculo que se terán en conta serán as xa obtidas como consecuencia da adaptación do presuposto do ano 2009 o Real Decreto Lei 8/2010, onde se producen axustes no capítulo I, III, VI e IX do estado de gastos e no capítulo IX do estado de ingresos.

A esta situación, debemos engadirlle a recadación de exercicios pechados, así como a

previsión sobre a execución dos remanentes incorporados ó presuposto do ano 2010, tomando en consideración as porcentaxes xa tidas en conta para o PEF aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio.

En relación coa recadación de exercicios pechados, a esta data, a porcentaxe de recadación é do 60,16 por 100, ingresándose xa 16.218.445,94 euros do Fondo Estatal de Investimento Local correspondentes ao ano 2009, estándose a cumprir dabondo as previsións feitas.

De igual xeito, os padróns fiscais aprobados ata a data e os que están en trámite, están a cumprir as previsións contidas no presuposto do ano 2010. En canto ás previsións de ingresos doutras administracións, estanse a cumprir rigorosamente todas as previsións na cesión de tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento así como a subvención ó transporte público. En canto ó Fondo de Cooperación Local da Comunidade Autónoma, tamén se están a cumprir as previsións presupostarias e a recadación.

Polo tanto, as previsións contidas no presuposto do ano 2010 e que serven de base para a proxección do mesmo en termos de liquidación estanse a cumprir de acordo co presupostado.

En consecuencia co anterior, o Real Decreto Lei supón de feito unha especie de suspensión temporal de determinados preceptos aplicables ás facendas locais que afectan ó contido do previsto nos artigos 48 a 54 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativo ó réxime xurídico e de autorización para concertación de operacións de débeda dentro dos límites que regulamenta o artigo 53 do TRLRFL. Tamén derroga os acordos acadados entre o goberno e os sindicatos para a función pública no marco do diálogo social 2010-2012, que garantían o mantemento do poder adquisitivo do persoal ao servizo das administracións públicas no período de vixencia do acordo, e que agora afectan ó presuposto vixente e ó Plan Económico Financeiro, polo que, en aplicación do RDL e atendendo ó requirimento da Consellería de Economía e Facenda en toda a súa extensión, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo...”

A seguir a concelleira de Economía e Facenda fai a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral municipal, o día 17 de xuño, emite o seguinte informe:

“Con data de 2 de febreiro do ano en curso, en cumprimento do prescrito polo artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, o funcionario que subscribe emitiu o preceptivo informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión e referencia aos Orzamentos Xerais Municipais para o exercicio económico do ano 2010; como é sabido na avaliación conclúese sobre unha necesidade de financiamento por importe de 17.655.416,31 euros, que poñía de manifesto un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria, situación que determinou a necesidade, por imperativo legal, da elaboración e aprobación polo Pleno da Corporación dun Plan Económico-Financeiro

(PEF) de corrección do desequilibrio producido.

É de apuntar que no indicado informe detectouse un erro na indicación da data da súa emisión, ao facerse referencia ao 2 de febreiro do ano 2009, cando como é obvio foi emitido no ano en curso. En calquera caso, o erro padecido non altera nin incide en absoluto o contido do informe e xa foi obxecto da correspondente subsanación, do que se deixa constancia.

En consideración ao repetido informe e en cumprimento do previsto no artigo 22 do Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2007 de 28 de decembro e artigo 19 da norma regulamentaria aludida anteriormente, esta Administración municipal formulou un PEF para atender ao déficit producido, respecto do cal en sesión celebrada o día 9 de abril do presente ano o Concello Pleno prestou a súa aprobación. A proposta da Concellaría de Economía e Facenda que motivo o indicado acordo plenario foi informada polo funcionario que subscribe en data 31 de marzo.

Con data de 15 de marzo do 2010, en cumprimento do xa referido artigo 16 da xa igualmente mencionada norma regulamentaria, emitiuse informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, neste caso con ocasión da liquidación dos orzamentos xerais deste Concello correspondentes ao exercicio do 2009. Como resultado de devandita avaliación deduciuse un déficit en termos de estabilidade orzamentaria que se cuantificou en 15.355.004,25 euros, o que determinou a necesidade de adoptar as medidas que respecto diso se conteñen na normativa reguladora da estabilidade orzamentaria.

Con data de 23 de abril do presente ano, pola Concellaría de Economía e Facenda someteuse á consideración do Concello Pleno, un segundo Plan Económico-Financeiro para atender ao desequilibrio orixinado na liquidación do ano 2009, segundo PEF sobre o que recaeu acordo favorable daquel órgano colexiado en sesión celebrada o día 31 de maio. A proposta da Concellaría que deu orixe a ese acordo informouse en data de 18 de maio.

Con data de 25 de maio do ano en curso entrou en vigor o Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público; norma que a teor da súa Disposición final segunda ten carácter básico sendo de aplicación, por conseguinte, ao sector local.

O Pleno do Concello en sesión realizada o día 9 de xuño, adoptou acordo de aprobación dos criterios para a aplicación da redución prevista no Real Decreto-Lei 8/2010 así como os criterios e condicións para a redución das remuneracións correspondentes aos membros corporativos.

No indicado acordo, o órgano plenario decidiu sobre o destino dos recursos derivados da aplicación das medidas de redución dos custos de persoal previstas no Real Decreto Lei 8/2010, aplicándoos á diminución do nivel de endebedamento a longo prazo, en coherencia co contido e prelación contida no citado Real Decreto Lei.

Igualmente, por resultar o órgano municipal competente, a Xunta de Goberno Local prestou a súa aprobación a unha proposta de redución de retribucións do persoal eventual ou de confianza e asesoramento especial desta Administración municipal,

afectando a contía resultante da redución dos correspondentes custes salariais á amortización anticipada de débeda financeira a longo prazo contraída por esta Administración local.

De conformidade co artigo 22 do Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria, os plans económico-financeiros de reequilibrio, no suposto das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo de aplicación do artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, require da aprobación da Administración que ostente a tutela financeira sobre as entidades locais, e ademais dándose estas circunstancias subxectivas e a necesidade de elaboración dun PEF, tamén a autorización desa Administración de tutela para concertar operacións de crédito a longo prazo, e iso en todo caso e con independencia da situación económico-financeira da Entidade local en cuestión.

O Concello de Vigo en atención á súa poboación (superior aos 75.000 habitantes) atópase incluído no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do texto legal antes citado e a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a través do seu Estatuto de Autonomía a tutela financeira dos entes locais do seu territorio.

Polo tanto, o PEF aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión de 9 de abril, requiría e require para a súa entrada en vigor a súa aprobación pola Consellería de Economía e Facenda (Dirección Xeral do Tesoureiro e Política Financeira) da Xunta de Galicia e a operación de endebedamento que o mesmo incorpora e prevé da autorización de devandita Administración autonómica; por tal razón o indicado acordo municipal e a documentación que conformaba o expediente administrativo correspondente remitiuse á Administración autonómica en data de 14 de abril.

Pola súa banda, a documentación correspondente ao segundo PEF aprobado en sesión de 31 de maio, remitiuse á Comunidade Autónoma o 16 de xuño.

Con data de 8 de xuño, -rexistrada con data de entrada nesta Administración municipal o día 10-, a Administración de tutela remite escrito no cal efectúa unha serie de requirimentos en relación coa documentación enviada no seu día para a solicitude de aprobación do PEF e autorización do endebedamento proxectado. Tales requirimentos concréntanse na remisión dunha serie de documentación complementaria e na adaptación do PEF aprobado a dúas situacións producidas e non contempladas no mesmo:

1. A entrada en vigor do mencionado RD-Lei 8/2010 de 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público; e
2. O déficit posto de manifesto na avaliación do obxectivo de estabilidade con ocasión da liquidación correspondente ao exercicio económico do ano 2009.

A observancia de tales requirimentos supón a revisión do Plan inicialmente aprobado en sesión de 9 de abril, o que comporta a modificación do mesmo e o sometemento ao Pleno desta Corporación de tal modificación.

Remítese agora a esta Intervención para informe, expediente que contén proposta ao Pleno da Corporación formulada pola Sra. concelleira delegada de Economía e Facenda de modificación do contido do PEF aprobado na sesión de 9 de abril, para

poder atender e dar cumprimento aos requirimentos da Administración de tutela.

Como xa se indicou as adaptacións interesadas pola Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira son as seguintes:

I

En primeiro termo, a adaptación do PEF aprobado en sesión de 9 de abril ao Real Decreto Lei 8/2010, de 20 de maio de medidas extraordinarias para a redución do déficit público, norma que entrou en vigor o día 25 de devandito mes.

Como xa se sinalou neste informe os órganos municipais competentes adoptaron acordos sobre os criterios a seguir na aplicación da citada norma en canto á redución dos custes salariais do persoal desta Corporación, así como sobre a afectación dos recursos resultantes de devandita redución salarial, que como tamén xa se indicou destínanse, de conformidade co previsto en devandita norma, á amortización de débeda financeira.

No expediente cuxa proposta infórmase, inclúese un informe da área de Recursos Humanos, no que se cuantifica o resultado da aplicación prevista naquel Real Decreto-Lei respecto da redución das retribucións do persoal e membros da Corporación afectados pola mesma. En tal sentido, o indicado departamento municipal, que informou a fundamentación dos acordos municipais referidos no parágrafo anterior, cifra as contías resultantes da redución salarial, isto é, dos créditos orzamentarios que quedan en situación de dispoñibles no capítulo I de gastos de persoal e que deben ser transferidos, mediante a correspondente modificación orzamentaria, ao capítulo 9 de Variación de pasivos financeiros do estado de gastos do orzamento para ser aplicados á súa finalidade de amortización anticipada de débeda financeira, en 1.262.651,58 euros polo ano 2010 e en 1.816.810,68 euros polo ano 2011. Estas contías son as consideradas na modificación do PEF para adaptalo ás medidas extraordinarias de redución do déficit público.

En síntese as principais modificacións que no contido do PEF orixinariamente aprobado se introducen como consecuencia da adaptación á nova normativa citada son:

1.- En primeiro lugar redúcese o prazo de duración do PEF, que queda fixado no período 2010-2011.

2.- En aplicación do previsto no artigo 14 do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de maio, que prohibe a apelación ao crédito a longo prazo ás entidades locais no período de 1 de xaneiro a 31 de decembro do 2011, elimínase do PEF a previsión de endebedamento para o ano 2011 por importe de 27.000.000 de euros, o que provoca á súa vez unha minoración no volume de investimentos previstos para esa anualidade (afectadas a aquel endebedamento proxectado) no capítulo 6 do estado de gastos por idéntica contía e unha minoración nos custos financeiros que se contemplaban no ano 2011 para tal operación inicialmente prevista e que agora se elimina; custo financeiros que, á súa vez, destínanse no PEF modificado pola contía estimada no inicial a investimentos para este exercicio do 2011.

3.- Na anualidade do 2010, o aforro derivado da redución de custos salariais

S.extr. e urx. 22.06.10

neste exercicio, determinan unha diminución polo importe xa indicado anteriormente, -recollido no informe da Xefa da área de Recursos Humanos que se inclúe no expediente-, e para dar cumprimento á súa finalidade, isto é, a minoración de débeda financeira municipal, contéplase na modificación do PEF proposta un incremento do capítulo 9 de "Variación de pasivos financeiros" polo importe daquel aforro en devandita anualidade 2010.

4.- Finalmente, na anualidade do 2011 o PEF inicial prevía un incremento do 1,5% dos gastos de persoal con respecto ao exercicio inmediato anterior do 2010, con todo o Real Decreto-Lei proscribe unha conxelación das retribucións dos empregados públicos para devandito exercicio. A necesaria observancia desta medida produce uns efectos orzamentarios a contemplar no PEF modificado análogos aos descritos no apartado anterior, pola contía correspondente.

Sobre a base das hipóteses a partir das que se deseñou inicialmente o PEF aprobado polo Pleno na sesión do 9 de abril, o impacto da incorporación á modificación que do mesmo agora se propón, da cuantificación da aplicación das medidas ordenadas polo Real Decreto-Lei e expostas nos parágrafos anteriores, comporta unha substancial diminución dos gastos non financeiros na anualidade do 2011, fundamentalmente dos empregos de capital ao eliminarse neles os investimentos cuxo financiamento prevé levar a cabo co endebedamento inicialmente previsto e agora prohibido pola norma estatal para este período, e pola súa banda os empregos correntes tamén diminúen -aínda que en menor contía- como consecuencia da contención dos custos salariais, que á súa vez provocan un aumento dos gastos financeiros pola afectación establecida para o aforro obtido na conxelación ordenada. Ao manterse invariables os ingresos non financeiros, prodúcese unha situación de capacidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria no exercicio 2011, contemplando e prevendo deste xeito o PEF modificado o retorno ao equilibrio nesta anualidade.

Loxicamente toda a argumentación en que se basea a modificación proposta, descansa sobre as hipóteses e premisas que determinaron o deseño inicial do PEF e respecto das que me remito ao meu informe de 31 de marzo do 2010, xa referido anteriormente.

II

En segundo termo, tamén se contén na proposta que se eleva ao Pleno da Corporación, a modificación do PEF inicialmente aprobado o 9 de abril, para incorporar ao mesmo as medidas precisas para corrixir o desequilibrio producido na liquidación do exercicio económico do 2009, atendendo deste xeito ao requirimento da Administración autonómica.

Como xa se expuxo anteriormente a Concellaría de Economía e Facenda propuxo ao Pleno da Corporación un segundo PEF que mereceu a aprobación deste órgano municipal mediante acordo adoptado en sesión do 31 de maio, e no que se contemplaban medidas tendentes á corrección do desequilibrio xerado.

A modificación que agora se propón a estes efectos, supón a integración das medidas e contido deste último PEF no inicialmente aprobado o 9 de abril.

Compartimos o criterio da administración autonómica de que as medidas tendentes ao reequilibrio polos déficits producidos tanto na aprobación dos orzamentos xerais municipais para o ano 2010 como o deducido na liquidación do ano 2009, deben ser consideradas nun único PEF e así o viñemos indicando nos informes emitidos en relación a estes extremos.

Así, no informe de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria con ocasión da liquidación do ano 2009, emitido o día 15 de marzo do ano en curso, no apartado quinto de conclusións sinalábase:

“En relación co informe sobre estabilidade orzamentaria emitido con ocasión da aprobación provisional dos orzamentos xerais municipais do exercicio económico do 2010, xa se puxo de manifesto que os mesmos arroxaban un desequilibrio en termos de estabilidade e por conseguinte un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e por tal razón desencadeábase a situación descrita no apartado cuarto anterior destas conclusións respecto da necesidade de elaborar un PEF.

Como queira que unha vez elaborado, aprobado e executivo o PEF, o obxectivo de estabilidade para a Corporación será o contido neste, todo o indicado no apartado anterior (refírese aos aspectos formais e efectos do PEF), debe entenderse referido, no seu caso ao PEF que a Corporación elabore e/ou aprobe.”

Igualmente no último parágrafo do informe emitido polo funcionario que subscribe en data de 31 de marzo, en relación coa proposta da Consellería de Economía e Facenda que deu lugar á aprobación do primeiro PEF en sesión do 9 de abril, sinalábase:

“O PEF quedará sen efecto se se liquidase en equilibrio en termos de estabilidade, antes de esgotar a súa vixencia, non podéndose aprobarse un PEF se hai outro en vigor por un incumprimento anterior”.

En calquera caso, e en coherencia co exposto resulta, xa que logo, procedente a modificación agora proxectada, consistente na integración do contido do PEF proposto pola Concellería de Facenda e aprobado o 31 de maio no inicialmente aprobado para a corrección do déficit producido nos orzamentos xerais para o 2010, o cal non afecta á nova duración deste derivada da adaptación ao Real Decreto Lei 8/2010, por canto que o horizonte temporal en orixe do segundo PEF coincide co resultante das modificacións propostas no primeiro e ás que vén facendo referencia ao longo deste informe.

Polo demais a integración efectúase tendo en conta a necesaria adaptación á norma legal citada no parágrafo anterior do segundo dos PEF aprobados, manténdose invariables os criterios e premisas sobre as que orixinariamente se deseñou este último, que se informou en data de 18 de maio e ao que me remito.

III

Conforme coa normativa reguladora da estabilidade orzamentaria corresponde ao Concello-Pleno resolver sobre a modificación proposta (artigo 22 do Real Decreto Legislativo 2/2007 de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei

Xeral de estabilidade orzamentaria), requirindo para a súa aprobación o quórum de maioría simple do número de membros presentes unha vez constituído validamente o órgano colexiado (artigo 47.1 Lei 7/1985, de 2 de abril de bases do réxime local).

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión extraordinaria e urxente do 21 de xuño, ditamina favorablemente a proposta citada da concelleira delegada de Economía e Facenda.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Ós efectos de procedemento propoño que efectuemos primeiro a votación da ratificación da urxencia e no caso de resultar positiva, procederemos ó debate político en tres quendas. Unha primeira quenda de dez minutos amplos, unha segunda quenda de cinco e un peche por parte do goberno de tres minutos, se lles parece ben ós señores voceiros.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hai uns meses, en abril deste ano, aprobábase o orzamento para o ano 2010. Era o orzamento máis investidor da historia de Vigo con 50 millóns de euros, un orzamento que apostaba polo social, pola educación, polas garderías, polos parques infantís, pero sobre todo que apostaba polo emprego e pola transformación da cidade porque o noso obxectivo era non deixar que a crise económica tivese efectos en Vigo e que o Concello de Vigo actuase de forma que paliase, na medida do máximo posible, esa crise en Vigo de maneira que non tivese efectos sobre políticas sociais, educativas ou de benestar. Partíamos cunhas arcas moi saneadas da xestión dos últimos anos, sendo a cidade menos endebedada de todo o territorio español.

Xunto co orzamento aprobábamos tamén o Plan económico-financeiro para o ano 2010, 2011, 2012 que representaba non só un compromiso dun cuarto orzamento, senón que tamén representaba un compromiso de novo investidor coa cidade, xerador de emprego e aínda cos niveis de endebedamento máis baixos de calquera cidade española. Ese foi o noso compromiso que seguimos a manter.

Agora ben, o 24 de maio publicouse no BOE un real decreto de medidas extraordinarias para a redución do déficit público. Ese real decreto esixe un esforzo para as entidades locais. De acordo con ese real decreto as entidades locais están obrigadas a asumir dúas medidas; unha é a redución dos custes de persoal, xa pasou por este Pleno a redución dos custes dos funcionarios nun 5%, pero tamén e como aposta persoal deste Concello, a redución de todos os custes dos concelleiros

nun 15%. Ademais destas reducións de custes os concellos, calquera entidade local, tamén as deputacións, vense obrigadas a non facer ningunha operación de préstamo para o ano 2011. Polo tanto calquera entidade local, calquera concello, calquera deputación que nestes momentos teña en vigor ou estea solicitado un plan económico-financeiro, vese na obriga de modificar ese plan económico-financeiro para o adaptar ó Real decreto do 24 de maio.

É o que traemos hoxe a este Pleno: a adaptación do Plan económico-financeiro que aprobamos neste Concello no mes de abril ó que di o Real decreto. O que di o Real decreto é que hai que reducir os custes de persoal nun 5% e o que se estime o custe dos concelleiros que nós decidimos nun 15%, que hai que eliminar a posibilidade de endebedamento do ano 2011.

Polo tanto esta adaptación do plan económico financeiro, o que contempla é a redución dos custes de persoal no ano 2010. Tal e como contempla a lei as posibilidades son en primeiro lugar sanear os remanentes, nós non temos remanentes negativos, todo o contrario, somos a cidade que ten máis remanentes positivos, temos case cen millóns de euros de remanente e polo tanto a redución de custes de persoal non vai sanear o remanente, pero si ten que ir obrigatoriamente á redución do nivel de endebedamento. Iso é o que facemos no ano 2010.

Para o ano 2011 o que contemplamos é esa redución salarial á que estamos obrigados polo Real decreto, nese 5% para os funcionarios e nun 15% para os concelleiros. Ese diñeiro destinámolo tal e como di a lei, non a redución de remanentes, porque como digo temos remanentes positivos, pero si á redución de endebedamento.

Gracias á non concertación do endebedamento conséguese un aforro de medio millón de euros en gastos de tipo de interese. Estes gastos de tipo de interese destinámoslos a investimento, co cal estamos demostrando que seguimos con esa aposta polo investimento, polo emprego, mantense completamente o orzamento de 2010 no seu esforzo investidor, no seu esforzo social, educativo e no ano 2011 tamén se mantén esa aposta polo investimento, mantemos o mesmo gasto social e o mesmo gasto educativo. Respondemos así ó requirimento da Xunta de Galicia que, unha vez que coñece o Real decreto, insta a todos os concellos e a todas as deputacións que adapten os seus plans económico financeiros e con isto nós estamos obedecendo a ese criterio da Xunta que é obrigatorio por lei, adaptarse ó Real decreto. É exactamente o que estamos traendo hoxe aquí.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu non vou utilizar xa nin sequera os dez minutos. En primeiro lugar e como xa explicaba a concelleira de Economía e Facenda, estamos diante dun tema meramente técnico, agás que os señores da oposición queiran convertelo noutra cousa que agardo e espero que non.

Prodúcense dúas situacións non contempladas nese primeiro PEF, como son o Decreto 8/2010, do 20 de maio, que xa explicou a concelleira e ese déficit que aparece reflectido na liquidación de 2009, polo tanto é lóxico que agora se trate de adaptar este Plan económico financeiro precisamente a esas dúas situacións que non se contemplaban no primeiro PEF aprobado inicialmente. Polo tanto é unha cuestión meramente técnica onde ademais xa ven regulada mesmo por ese mesmo decreto a asignación do, digamos, aforro xerado por esas medidas de redución salariais e demais e creo que isto non ten máis volta porque o tema político que é realmente o cerne da cuestión, ese é un tema que se debate nos orzamentos, que se debate cando o goberno presenta cara á opinión pública e cara esta Corporación as liñas mestras da súa política, tamén da súa política económica. É aí onde se produce o debate e este debate xa se ten producido nesta mesma Corporación.

Nesta Corporación xa se ten deixada clara a aposta deste goberno por un obxectivo moi claro de gasto social, de paliar a crise económica na que estamos sumidos, de potenciar o desenvolvemento económico daqueles sectores da nosa cidade que máis realmente o necesitan e xa quedou formulada naquel momento a liña clara de aposta por unha redistribución da riqueza entre os vigueses e viguesas. Ese é o debate político que se ten producido e que nós temos exposto na aprobación inicial dos orzamentos.

Uns orzamentos que están en marcha, que están xa funcionando, que están sendo executados e ademais cuns resultados que están á vista. Seguimos traballando para a xente, seguimos transformando esta cidade como sempre dixemos dende o goberno e en particular tamén dende as áreas do Bloque Nacionalista Galego e polo tanto ese é o debate político que se ten producido. Os orzamentos están aprobados xa por esta Corporación, estanse executando e o que meramente traemos aquí é un axuste técnico para adaptar ese Plan económico financeiro a dúas situacións que concorren hoxe e que non estaban previstas.

SR. CONDE GIL: Eu non sei se estou no Pleno da Corporación ou estou nunha clase

técnica. Hoxe puxéronse o disfrace de técnicos. Cando non interesa falar de política recorremos ó aspecto técnico. Por outro lado é curioso que digan que isto non ten transcendencia política porque a verdade é que a ten e moita e vou explicalo.

Fala aquí a Sra. Díaz dos investimentos, 50 millóns, cada día crece máis a cifra; computa as cantidades que hai previstas para as sentenzas, agora xa son 50, onte o alcalde dicía 40 e dun día para outro subimos 10 millóns de euros, pero aquí é bastante habitual.

Nós cremos que si é un debate político, non é un debate técnico. Fomos críticos co que podemos chamar Plan Zapatero II; o Zapatero I foi darnos a lotería do Plan E e o Zapatero II é quitárnola. Pero non só quitarnos a nós ou ós empregados públicos ou dicir que non podemos investir, senón quitarlles ós pensionistas, facer plans impostos por terceiros e ó final se demostra un pouco o mesmo: a nós a nivel nacional Europa e Obama impóñennos un plan e o Sr. Zapatero imponllo ó Sr. Caballero. Non deixa de ser máis ca iso.

Por outro lado é curioso como en Elche o día 24 de maio estaba o Sr. Caballero sentado detrás do Sr. Zapatero ríndolle a gracia e non sabía que ía ter que reducir os investimentos por acudir a estas operacións de crédito que agora finalmente se teñen que reducir por este Real decreto.

Por outro lado dicir que non é unha cuestión política cando o Partido Popular presentou unha moción que supoñemos se debaterá no próximo Pleno, na cal pedíamos a revisión do Plan económico financeiro, non deixa de ser máis que unha falacia pola súa parte e por parte do Bloque Nacionalista Galego.

É fácil levalo ó plano técnico, dicir que é unha cuestión técnica e como é unha cuestión técnica xa non ten obxecto o debate, pero si que o ten porque lles meteron unha tesoirada.

Faime gracia a Sra. Díaz cando di: “Vigo é a cidade menos endebedada de España”, “Imos aplicar a redución dos custes do persoal”, 1.800.000 euros este ano cifran os técnicos e o ano que ven se supón que será unha cifra similar. “Imos reducir os niveis de endebedamento”. Ou sexa, por un lado reducimos os niveis de endebedamento 1.800.000 euros e por outro pedimos un préstamo de 27 millóns de euros. Como se come iso?

Vostedes son uns irresponsables políticos, vostede igual non, Sra. Díaz, senón o alcalde que é quen debe dirixir a política municipal, vostede sinxelamente se dedica a facer o que lle din. Nós aludimos na moción e pedímosllo outra vez que sexan

responsables, teñan responsabilidade, nada máis ca iso, é ben fácil, poucas veces na vida preséntanse segundas oportunidades, vostedes tíñana e desaproveitárona insistindo novamente no mesmo. É curioso, parecen como aqueles que un día lles tocou a lotería. Hai algún caso por aquí preto da cidade de Vigo que lle tocou a lotería e en vez de comportarse como un correcto padre de familia dedícase a gastar.

Aquí tivemos a lotería de 15.000 millóns de pesetas para xerar 400 empregos. Pero o gurú do emprego, o señor que dixo que o paro será historia no día de onte faise unha nova foto. Iso encántalle, Sr. Alcalde, facerse fotos. Faise unha foto na que di que asina con empresarios e sindicatos un pacto para conseguir a plena ocupación. Pero non a íamos conseguir no 2007? En que quedamos? É máis, ó alcalde dánlle igual as cifras do INEM, nin a EPA, nin nada que se lle pareza, el afirma que os empregos xerados co investimento propio do Concello, os plans estatais e os programas locais de emprego en 2009 ascenden a 8.297 exactamente. Creo que nunha entrevista que lle facían nun medio de comunicación a semana pasada dicía que non ía ser ministro, pero eu creo que ó paso que vai leva camiño de selo.

Logo hai que ver para que destinamos 27 millóns de euros porque ademais vostedes critican e miren que os socialistas se dedican a criticar. Cando se daba o 100% das hipotecas á xente, dicían “a burbulla inmobiliaria”. Non só se dedicaban a comprar un piso senón que ademais de comprar o piso o amoblaban e enriba os bancos llo financiaban. Pois resulta que no Concello de Vigo, nesa vía da irresponsabilidade que adoptaron, teríamos un déficit cos orzamentos na man de 17.655.000 euros, pero como somos máis papistas que o Papa imos comprar os mobles tamén e entón pedimos 27 millóns para redondear e por exemplo cousas que saían gratis, poñemos diñeiro enriba para cambiar máis lousas, para prexudicar a economía dos vigueses que ó final é o máis grave: son tan irresponsables que prexudican a economía dos vigueses.

Fixeron unha trampa, como xa nos temíamos e xa denunciámos no seu día. Eu preguntábame noutro Pleno, por que non presentaron a conta xeral, nin a liquidación do orzamento do ano 2009? Non a presentaron porque trampearon este Pleno, porque senón non podían facer este Plan económico financeiro, porque como ben sinala o interventor no seu informe, como xa dixemos no Pleno de aprobación dos orzamentos: “O PEF quedará sen efecto se se liquidase en equilibrio en termos de estabilidade antes de esgotar a súa vixencia, non podéndose aprobar un PEF se hai

outro en vigor por un incumprimento anterior” e aquí existiu un incumprimento anterior porque as contas do 2009 presentan un déficit de máis de 15 millóns de euros e tiveron que facer un segundo Plan económico financeiro. Non o presentaron a tempo porque senón non podían pedir este segundo Plan económico financeiro e endebedar ós vigueses e ás viguesas, enganáronlles.

O peor non é que enganen á oposición, o peor é que están enganando ós vigueses e ás viguesas, son uns irresponsables e como tal irresponsables compórtanse e teñen temas como dicir que é unha cuestión técnica, que van reducir o nivel de endebedamento en 1.800.000 euros e por outro lado o van subir en 27 millóns. Son aínda máis irresponsables e ó final é falar de política tamén porque nós vimos denunciando durante estes tres anos que estaban malgastando o diñeiro dos vigueses e das viguesas.

Non todo van ser críticas, vou felicitar á Sra. Díaz que o pasado sábado recoñeceuno: “O Partido Popular ten razón, estamos malgastando”. “Baixaremos o gasto corrente para investir máis”. “Xa fixemos axustes no gasto corrente nos últimos anos”. Mentira, subírono en máis de 5 millóns de euros do ano 2009 ó 2010. “...e baixáremolo aínda máis no 2011 cunha campaña moi forte de aforro en subministración de luz, servizos de correo ou teléfono. Ademais a conxelación salarial dos funcionarios tamén elimina o 1,5% do incremento de IPC que temos previsto. Todo destinarémolo a investir para intentar subir a cifra o máximo posible”. Refírese ós investimentos. “Explicou onte a responsable municipal de Facenda Raquel Díaz”.

Pero imos ver, estivéronnos tomando o pelo. Cando o Partido Popular lles dicía que o Capítulo II pódese reducir e imos ter unha moción que supoño discutiremos no próximo Pleno, está a recoñecelo vostede mesma, vostede mesma corríxese. No ano 2011, como non van ter a posibilidade de pedir o préstamo e van ter unhas cantidades bastante máis baixas de investimentos, van recortar o gasto corrente para así ter máis capacidade investidora. Quizais o fan porque no mes de maio vai haber eleccións e non teñen previsto continuar no goberno? Total dá igual, non? Deixemos comprometido o diñeiro para o goberno seguinte que vai ser do Partido Popular. É o que van facer.

Son vostedes uns irresponsables e como tales se comportan. Agora que, como ben sabe todo o mundo, algún día esixiráselles esa responsabilidade.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como sempre o Partido Popular está demostrando que ven este Pleno para falar de calquera outra cousa menos realmente do que se ten que falar que é o que estamos a aprobar.

Comezan dicindo que eles van propoñer unha revisión do Plan económico financeiro e que isto non é un documento técnico. Eu teño unha pregunta, que van facer na Deputación? Porque na Deputación nestes momentos está vixente un Plan económico financeiro que ten 25 millóns de euros de préstamo para o ano 2009. O Partido Popular critica que na cidade de Vigo se invistan 27 millóns pero sen embargo defenden que na Deputación se endebeden por 25 millóns cando a Deputación está endebedada ó 100% e a porcentaxe de endebedamento da cidade de Vigo é do 20%. Esa é a linguaxe do Partido Popular.

O Partido Popular sinxelamente o que está criticando é o que fai este goberno en Vigo porque a linguaxe que defende en Pontevedra é exactamente a contraria, o que din en Pontevedra é que van seguir defendendo os investimentos da Deputación, van seguir endebedándose, dálles igual o Real decreto. Esas son as palabras que se poden deducir porque eles non van modificar na Deputación o Real decreto. Téñeno que modificar exactamente igual ca nós e teñen polo tanto que o adaptar e teñen que facer esas reducións do gasto de persoal. Polo tanto o Partido Popular como sempre o que está utilizando é esa dobre linguaxe, alí onde gobernan defenden unha cousa e na oposición defenden a contraria. Por iso eu pregunto, que van facer na Deputación? Van seguir mantendo os niveis de endebedamento? Van seguir contemplando estes investimentos por 25 millóns de euros de endebedamento?

De novo fala de irresponsabilidade. Eu pregunto quen é o irresponsable. O irresponsable é quen está en contra de que se invista en Vigo sinxelamente por dicir que non e vostedes están en contra de que se invista en Vigo. Critica o Plan ZP e critica o emprego que se está xerando en Vigo. Critica a foto de onte, di que o pacto polo emprego foi unha foto. Sr. Conde, acaba de chamar ós tres sindicatos monicreques, ós representantes de Xoves Empresarios, á Confederación de Empresarios, ás Mulleres Empresarias acaba de chamarlles monicreques. Esa é a súa consideración dun pacto local polo emprego no que todos os sectores se puxeron de acordo para loitar contra o desemprego.

Está en contra desa foto, porque faltaba alguén importante, o Sr. Núñez Feijóo. Cal é o pacto polo emprego do Sr. Núñez Feijóo? Onde está? Se houbera unha foto do Sr. Núñez Feijóo loitando polo emprego eu aplaudiría esa foto, Sr. Conde. Onde está esa

foto do Sr. Feijóo loitando polo emprego? El foi quen dixo que en cen días ía sacar Vigo desta crise e, que foi o que xerou o Sr. Feijóo? Máis desemprego. Esta é a foto do Sr. Feijóo, este é o paro xerado en Vigo por culpa o Sr. Feijóo, Este é o paro xerado polo Sr. Feijóo en toda Galicia.

Despois de novo segue criticando os niveis de endebedamento, etc.. Eu digo, por que critica tanto ese nivel de endebedamento? Realmente non entendo que critique que vaíamos a unha operación de préstamo que lle vai dar a esta cidade máis de 50 millóns de investimento. Podía entender que eles na Deputación tivesen menos endebedamento e polo tanto estean en contra pero non, o endebedamento da Deputación é o azul e a situación financeira de Vigo é a rosa. Isto é o que están criticando: o punto roxo, cando eles na Deputación teñen iso. Isto é como evolucionou a débeda no Concello de Vigo, é o que fixemos nós e tamén é o que eles están criticando. Se comparamos co resto de cidades galegas este é Vigo e este é o resto de cidades galegas.

(Durante esta fase da súa intervención, a Sra. Díaz Vázquez amosou ós presentes no salón de Plenos varias gráficas.)

Esta é a situación do endebedamento que tanto critica o Partido Popular e estas son as principais cidades españolas comparadas con Vigo, por iso que non entendo onde está a crítica do Partido Popular. Hai uns días chegábanos a nova dos cen municipios máis endebedados. Eu púxenme a revisar a lista de arriba a abaixo e non atopaba Vigo; chamei á persoa que ma mandou e díxenllo. Díxome que non a atopo porque Vigo non está entre as cen cidade máis endebedadas. Está nas menos endebedadas, abaixo de todo. Esa é a situación que hai en Vigo.

Di unha cousa moi grave; i que estamos trampeando e que estamos falseando. Eu preguntolle, está criticando vostede á Xunta de Galicia? Porque a Xunta de Galicia no seu informe non di nada diso, dinos sinxelamente que o PEF está ben. Iso que tanto criticou o Partido Popular de que estaba cheo de erros, que o tiñamos que emendar, que non había por onde o coller, a Xunta de Galicia di que está ben, que non hai nin un só erro, que a consecuencia de que saíu o Real decreto haio que adaptar. O mesmo escrito que lle vai remitir a Deputación de Pontevedra.

Polo tanto, señores do Partido Popular, non teñan esa dobre linguaxe e defendan á cidade de Vigo porque a irresponsabilidade é de seu, a irresponsabilidade neste momento de non loitar polos investimentos e porque se faga cidade en Vigo é de seu.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Señores do Partido Popular, eu non me poño o disfrace de nada, non me disfrazo de técnico. O que a nós nos gusta é que nos Plenos da Corporación se debata realmente sobre aqueles puntos dos que temos que falar e a min non me gusta que se utilice unha vez máis o Pleno da Corporación para emitir diatribas políticas e partidistas que non teñen absolutamente nada que ver cos temas que aquí se tratan como vostedes o están facendo. Pero eu xa o anunciaba no primeiro lugar, estamos falando dunha cuestión meramente técnica agás que o Partido Popular queira unha vez máis entrar noutros debates, aproveitar que por aquí pasa non sei que río para logo facer críticas que evidentemente nada teñen que ver coa realidade.

Vostedes teñen un problema e creo que é un problema que veñen repetindo constantemente. Vostedes parece que non lles gusta esta cidade e polo tanto nunca aplauden a esta cidade. Polas súas palabras parece que preferirían que esta cidade fose unha das máis endebedada do Estado español. Pois non o é e iso non o dicimos nós, dino os números, dino os informes, dino os datos técnicos. Todo o contrario e polo tanto senón o é a gran responsabilidade, a responsabilidade dun goberno que se preste gobernar cara ós cidadáns é precisamente, en tempos de crise e cuns niveis de endebedamento diría que excepcionais, acometer todas aquelas demandas que os sectores menos favorecidos, que a nosa economía, que os traballadores e traballadoras teñen. Para acometer esas demandas en moitos casos, cando non se pon en risco a estabilidade económica, hai que se endebedar e iso sábeno todas as familias, endebedarse non é malo, todos nalgún momento témonos que endebedar se queremos conseguir para as nosas familias unha serie de cousas. Evidentemente o que é malo é endebedarse por riba das posibilidades que cada un ten e isto non é o que ocorre neste Concello.

Eu véñolles pedindo que por favor aplaudan un pouco máis á cidade, quítense fotos vostedes tamén coas cousas positivas desta cidade. Voulles poñer un exemplo de como a vostedes non lles gusta aplaudir a eta cidade. Sen ir máis lonxe onte, nun acto moi importante para esta cidade, onde máis de 74 países están na nosa cidade, onde somos a capital do mundo do deporte universitario, nin un só concelleiro nin concelleira do Partido Popular estiveron nese acto e foron invitados individualmente cada un e cada unha de vostedes. Ese é un exemplo de onte mesmo de como a vostedes evidentemente non lles gusta aplaudir a esta cidade.

Levan falando dende a aprobación dos orzamentos de cartos, de malgasto, de endebedamento, de non sei que máis. Volvo dicirlles unha cousa: este Concello non tería necesidade ningunha de ir a un endebedamento se a Xunta de Galicia non recortara un 37% os investimentos a esta cidade, o recorte máis importante dos últimos anos que ten sufrido esta cidade, a discriminación por parte da Xunta máis importante que ten recibido. Se a iso lle engadimos que a Deputación tamén gobernada por vostedes houbo cero euros de investimentos nesta cidade, teñen vostedes a proba do por que, quen son as administracións irresponsables con esta cidade e quen asume a responsabilidade de gobernar e de acometer una maior gasto social como se ten feito e de acometer as axudas a sectores básicos da nosa economía, en definitiva, de xerar riqueza que iso é o que ten que facer unha administración en tempos de crise para logo distribuíla equitativamente e fundamentalmente sobre os que menos teñen.

Como dicía a concelleira non é só que vostedes critiquen que se invista en Vigo, é que vostedes aplauden, iso si, aplauden e defenden ás administracións que non o fan, que discriminan nos seus investimentos a Vigo. Iso é porque vostedes se equivocan unha vez máis, vostedes están nesas bancadas como representantes da cidadanía viguesa por riba de estar como representantes do Partido Popular e vostedes aí se equivocan.

SR. CONDE GIL: Sr. Domínguez Olveira, non se le os propios papeis do goberno porque a Xunta de Galicia vai investir catro millóns de euros no ano 2010 só neste plan, á parte doutras circunstancias que hai por aí.

Nós aludimos á responsabilidade porque os socialistas son gravemente irresponsables, a cidadanía ten que saber que eses 15.000 millóns das antigas pesetas que recibimos do Plan E non é unha dádiva do goberno, pagámoslos todos cos nosos impostos e a partir do mes de xullo nos van subir o IVE.

O que queremos evitar precisamente é que cando o Partido Popular no ano 2003 colle o goberno desta cidade había máis de 108 millóns de euros de débeda e deixámolo en 47 millóns. O que queremos evitar é volver ó tempo no que gobernaban vostedes e malgastaban o diñeiro dos vigueses e das viguesas.

Sra. Díaz, eu non ataquei absolutamente a ninguén, dediqueime a ler e interpretar unha nova que ven nun medio de comunicación da cidade no día de hoxe. Eu non fun quen dixen que ía colgar o cartel do pleno emprego na porta desta Casa do

Concello. Xa lle dixen varias veces que se eu fose o alcalde non durmiría tranquilo sabendo que teño máis de 8.000 familias en Vigo que teñen a todos os seus membros no desemprego e que non cobran unha prestación. Polo que lin nalgunha entrevista parece ser que o alcalde cando chega a casa se esquece dos problemas e dorme a perna solta.

Pero aquí están os datos. A Sra. Díaz para dicir que viña cun discurso técnico veu con moitas gráficas, vexo que lle gustou o sistema das gráficas, alégrome que recoñeza que o Partido Popular fai algo que lle gusta. Pero é que o Sr. Caballero ten o seu pasado tamén en política e no ano 97 presentouse a unhas eleccións autonómicas que levou ó PSdeG-PSOE ós peores niveis de toda a autonomía. O Bloque superou ó PSOE, ese é un gran éxito e dicía: “Goberno eficiente e austero”. Todo o que aplica aquí en Vigo. “Un estilo de goberno novo sen folclorismos nin caciquismo. Menos gastos en publicidade e propaganda e TVG”. En Vigo: máis gasto en publicidade, máis gasto en propaganda e mércase co diñeiro de todos os vigueses un programa nunha televisión e os de radio; un programa que nos custa 120.000 euros ó ano a todos.

Iso é o que fai: propaganda e o nunca visto na cidade de Vigo, agora os bancos teñen nome e apelidos: Alcaldía. Eu pensei que as obras en Vigo as facía o Concello de Vigo pero non, agora as fai Alcaldía. Agora xa se converteu outra vez no alcalde-candidato. “En Vigo faremos máis”. Eu pregúntome onde están as 6.000 vivendas protexidas, onde está o 40% do solo urbanizable, os 13 centros de día para maiores, as 47 escolas infantís e garderías, os 6 centros de atención primaria; hai inglés pero para todos non é; o saneamento da ría, os centros da terceira idade, o Vigo igualitario para todos os barrios e parroquias, un Vigo con poder en España, onde está? Se é membro da Federación Española de Municipios e Provincias e non lle fai caso nin ás súas recomendacións que ten que ser máis papista que o Papa. Non entremos xa nas accións de goberno porque entón é para nota, a primeira era a Carta de Municipalidade que nin se coñece, nin se espera, nin se sabe ben onde está.

O único certo é que este Plan económico financeiro está enchido de erros e que neste informe a Xunta de Galicia non dixera nada non significa que non o puidese dicir porque toman vostedes uns datos que son de risa, ata se riron en Europa de nós, compáranos con Grecia, estanse rindo en Estados Unidos de nós.

A diferenza que hai entre vostedes e nós é que a Sra. Corina Porro saneou a

economía desta cidade e vostedes son uns fariseos que queren baixar por un lado 1.800.000 euros de endebedamento que lles obriga o Sr. Zapatero e por outro lado van pedir 27 millóns de euros para cambiar beirarrúas e que os parados de Vigo poidan pasear mellor.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vou empezar co que dixo da Xunta de que ía investir 4 millóns de euros; eu preguntome onde están eses investimentos porque a verdade busqueinos por toda a cidade de Vigo e non os atopo porque o único que existe no orzamento contemplado pola Xunta son os compromisos do Sr. Touriño asinados por convenio. Se a Xunta non os mete nese orzamento a Xunta estaría incumprindo a lei porque son compromisos do Sr. Touriño asinados cando dona. M^ª José Caride era a conselleira de Infraestruturas.

E despois empeza toda unha serie de críticas e a falar de calquera cousa menos do que realmente ten que falar. Fala de malgasto e di que a Sra. Porro saneou a economía da cidade. Eu preguntome: é sanear a economía da cidade gastar dous millóns de euros en publicidade en seis meses en plena campaña electoral pagada por todos os cidadáns que a Xunta Electoral dixo que eran propaganda electoral? Saben os vigueses que cos seus cartos a Sra. Porro gastou dous millóns de euros en propaganda para ela? É boa xestión gastar nove millóns de euros en débedas que deixou sen pagar a Sra. Porro? Ou que me di dos dous millóns de euros gastados no despacho do Areal? Esa é a boa xestión da Sra. Porro cando todos os traballadores aquí estaban soportando goteiras?

Critica a foto. Xa sei porque o fai, acabo de entendelo: porque aparece don Abel Caballero, porque foi o único alcalde capaz de conseguir un pacto polo emprego e o que lle doe é que o Sr. Feijóo non sexa capaz de conseguir unha foto igual, non sexa capaz de falar cos sindicatos e xerar políticas activas de loita contra o emprego. Iso é o que lle doe e cita toda esa ringleira de críticas que non sei a que veñen. Moi triste, Sr. Conde, que os seus argumentos sexan eses.

Onde está a súa actuación positiva da cidade? Que é o que di de todas as transformacións? Vostede escoitou o que di a xente da rúa? A xente da rúa di que quere que se transforme a cidade. Nesa ringleira de críticas mesmo acaba de criticar ese informe da Xunta. O informe da Xunta di que o PEF está ben. Acaba de deixar de manifesto que a quen pillaron, non co carro dos xeados senón con toda a xeadaría completa, foi ó Partido Popular porque a Xunta di que o Plan económico financeiro

está ben, vaise aprobar e o único que hai que facer é adaptalo ó Real decreto. Se non houbera Real decreto o Plan económico financeiro neste momento estaba aprobado. Polo tanto, Sr. Conde, é unha auténtica irresponsabilidade, é un auténtico fariseísmo, unha auténtica hipocrisía dicir que en Vigo non se invista, dicirlle á Deputación, dicirlle á Xunta de Galicia que non invistan en Vigo e estar neste Pleno defendendo que non se invista en Vigo. Iso é a hipocrisía.

Rematado o debate, a Presidencia chamou á orde ó concelleiro Sr. Conde Gil que tentou tomar a palabra sen ser autorizado.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira e Méndez Piñeiro, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Adaptar o Plan Económico Financeiro aprobado polo Pleno da Corporación en sesión plenaria realizada o nove de abril de 2010, ao Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e o solicitado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Segundo.- Por mor da prohibición de concertar a operación de débeda do ano 2011, procede axustar o horizonte temporal do Plan Económico Financeiro ós anos 2010-2011 por se acadar o equilibrio nese ano.

Terceiro.- Excluir do Plan no ano 2011, variación de pasivos financeiros do estado de ingresos, a operación de préstamo prevista para o ano 2011 por unha contía de 27.000.000,00 euros. En canto á prevista para o ano 2012, non ten ningunha repercusión xa que o Plan reduce o seu horizonte temporal ó período 2010- 2011.

Cuarto.- Minorar no Plan correspondente ao ano 2011, no capítulo de investimentos aqueles financiados coa operación de débeda prevista por unha contía de 27.000.000,00 euros, polo tanto, supón a minoración deste capítulo no devandito importe.

Quinto.- Incluir no Plan correspondente ó ano 2011, no capítulo de investimentos o aforro de custos financeiros pola non concertación da operación de débeda por unha

contía de 455.000,00 euros, quedando o capítulo de investimentos para o ano 2011 por unha contía de 5.476.515,75 euros.

Sexto.- Minorar no Plan correspondente ó ano 2011, os efectos que produce a non concertación da operación de débeda do ano 2011 no capítulo III do estado de gastos, sendo o custo financeiro previsto para ese ano de 455.000 euros, pasando a ser os custos financeiros totais da débeda de 1.862.618,91 euros en substitución de 2.317.618,91 euros previstos no Plan aprobado.

Sétimo.- En execución do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de xuño, minorar no Plan, gastos do capítulo I presupostados para o ano 2010 en unha contía de 1.262.651,58 euros pola aplicación do previsto no Real Decreto Lei 8/2010 no relativo á redución das retribucións, sendo a contía resultante de 69.639.409,49 euros en substitución dos 70.902.061,07 euros previstos.

Oitavo.- En aplicación do acordo goberno-sindicatos no marco do diálogo social 2010-2012, estaba previsto no Plan Económico-Financeiro un crecemento do gasto do capítulo I para o ano 2011 do 1,5 por 100 sobre a base do ano 2010, polo que é necesario minorar no Plan, gastos do capítulo I previstos para o ano 2011 en 2.880.341,60 euros, dos que 1.816.810,68 euros corresponden á redución prevista no Real Decreto Lei e que devengan para o ano 2011 dende o 1 de xaneiro, e o resto, é imputable á conxelación sobre a base do ano 2010 xa reducida. As previsións do capítulo I son de 69.085.250,39 euros en substitución dos 71.965.591,99 euros previstos.

Noveno.- Incluír no Plan correspondente ó ano 2010, un aumento na variación de pasivos financeiros, aplicando os aforros do capítulo I do estado de gastos por unha contía de 1.262.651,58 euros a amortización de débeda, sendo a contía total correspondente ó ano 2010 de 10.549.334,17 en substitución dos 9.286.682,59 euros previstos no Plan.

Décimo.- Incluír no Plan correspondente ó ano 2011, un aumento na variación de pasivos financeiros, aplicando os aforros do capítulo I do estado de gastos por unha contía de 2.880.341,60 euros á amortización de débeda, sendo a contía total correspondente ó ano 2011 de 13.269.227,60 euros en substitución dos 10.388.886,00 euros previstos no Plan.

Décimo primeiro.- Para recoller os cambios que supón a adaptación do PEF aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de abril ó RDL 8/2010 e a integración do PEF de liquidación do presuposto de 2009 aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 31 de maio, adaptado a súa vez cos cambios que introduce o RDL 8/2010, se substitúen as páxinas 98 a 106, ambas inclusive, e se incorporan as seguintes: da 98 a 105, ambas inclusive, para recoller a adaptación do PEF aprobado polo Pleno realizado o 9 de abril ás especificacións do RDL 8/2010. Da páxina 106 ó final, para integrar o PEF aprobado polo Pleno o 31 de maio no PEF aprobado polo mesmo órgano o 9 de abril. Nesta integración xa está adaptado as especificacións do RD-lei 8/2010. Substituír igualmente nos anexos o relativo a débeda, que está conformado por dúas táboas, unha de préstamos e outra do escenario de endebedamento.

Décimo segundo.- Así mesmo, deben considerarse substituídas todas as referencias que se subliñaron en todas as follas nas que se faga referencia ós cambios

introducidos, en especial as páxinas 86, 87, 90, 93, 97 do PEF aprobado polo Pleno o 9 de abril, e que conteñen algunha referencia á operación de endebedamento do ano 2011 ou do 2012, deixando sen efectos esas referencias.

Décimo terceiro.- Aplicación dos aforros. O Pleno da Corporación en sesión do 9 de xuño, xa aprobou a finalidade dos recursos que se aforran por aplicación do RDL 8/2010, pero tendo en conta a solicitude feita pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, reproducése o acordo xa adoptado coa cuantificación que recolle o apartado i) e j) desta proposta.

O artigo 14 do RDL declara que os aforros que se produzan en aplicación das medidas de redución de custes de persoal nos exercicios 2010 e 2011, destinaranse por orde de preferencia ás seguintes finalidades:

- m.1. A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fose negativo.
- m.2. A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
- m.3. A financiamento de investimentos.
- m.4. Cando non resultasen de aplicación os dous primeiros apartados, os recursos non aplicados no exercicio ó financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades previstas nos tres apartados anteriores.

Tendo en conta que o remanente de Tesourería correspondente á liquidación dos presupostos do ano 2009 arroxa un saldo positivo de 94.867.400,12 euros, non son de aplicación os aforros o apartado primeiro do RDL.

En canto á débeda, a entidade mantén un saldo vivo de endebedamento a longo prazo a 31 de decembro de 2009 de 43.814.299,51 euros, que representa o 19,09 por 100 dos ingresos correntes liquidados dos estados consolidados, polo tanto, os recursos afectados son de aplicación a diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo, coas contías que xa se establecen nos apartados noveno e décimo desta proposta.

Décimo cuarto.- Integrar no PEF aprobado o 9 de abril de 2010 o correspondente á liquidación do ano 2009 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio. O novo apartado identifícase coa integración dos resultados da liquidación do ano 2009 e que se recolle nas follas 106 ata o final. A metodoloxía seguida e a integración, consistente en proxectar a execución do presuposto do ano 2010 xa adaptado o RDL 8/2010. Para isto se tomaron en consideración as porcentaxes de obrigas recoñecidas, dereitos liquidados e de recadación que se produciron na execución do presuposto do ano 2009 e que quedaron de manifesto nas ratios correspondentes á liquidación do ano 2009.

A esta situación debemos engadirlle a recadación prevista de exercicios pechados, así como a previsión sobre a execución dos remanentes incorporados ó presuposto do ano 2010, tomando en consideración as porcentaxes xa tidas en conta para o PEF aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 31 de maio.

As bases de cálculo que se teñen en conta na proxección son as xa obtidas como consecuencia da adaptación do presuposto do ano 2010 ó Real Decreto Lei 8/2010, onde se producen axustes no capítulo I, III, VI e IX do estado de gastos e no capítulo IX

do estado de ingresos.

Coa excepción dos axustes que se poñen de manifesto pola adaptación ó RDL 8/2010, a proxección do presuposto do ano 2010 en termos de liquidación, non supón ningunha desviación en relación con PEF aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 31 de maio. No hai polo tanto medidas adicionais, xa que o Remanente de Tesourería e o Aforro neto presentan un saldo positivo na liquidación do ano 2009, e as necesidades de financiamento teñen a súa orixe no desacompasamento que se deu entre as obrigas recoñecidas polo Fondo Estatal de Inversión Local e a recadación do financiamento estatal no mesmo ano.

Décimo Quinto.- En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007, remitir a adaptación do Plan Económico-Financeiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Política Financeira, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días a partir da aprobación polo Pleno da Corporación.

Décimo Sexto.- A información que se lle remitirá á Consellería de Facenda, Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, será a seguinte:

- A proposta que se fai ao Pleno da Corporación.
- As páxinas que se substituíren van dende a 98 a 106, e recollen a adaptación do PEF aprobado polo Pleno en sesión do 9 de abril de 2010 ao RD-lei 8/2010.
- As páxinas que recollen as táboas e a memoria de integración no PEF aprobado polo Pleno o 9 de abril do aprobado polo mesmo órgano o 31 de maio, adaptado ó RDL, numéranse dende a páxina 106 ata o final.
- Certificación do acordo plenario.
- A información adicional solicitada, que consta de:

Remisión do informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade na aprobación do presuposto de 2010.

O informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade na liquidación do ano 2009.

Certificación do remanente de tesourería e o obxectivo de estabilidade presupostaria.

Os informes do Sr. interventor xeral relativos á suficiencia das medidas e a capacidade da entidade para facer fronte a cargas derivadas da débeda viva.

Características da operación de débeda que se pretende concertar para o ano 2010.

Décimo sétimo.- En cumprimento do previsto no artigo 26 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais, unha vez que o Plan Económico Financeiro se aprobe polo Pleno da Corporación, e no seu caso, polo órgano competente da Comunidade Autónoma, será inserido, para os efectos exclusivamente informativos, no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, unha copia do Plan aprobado, de seren o caso, deberá estar a disposición do público ata a finalización da súa vixencia.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.